



OBTENCIÓN DO TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA POR LIBRE (2010)

CONDICIÓN PARA INSCRIBIRSE.

Poderanse inscribir para a realización das probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria aquelas persoas que **teñan cumpridos 18 anos o día anterior á data de realización da proba.**

CONVOCATORIA DE XUÑO

PRAZO DE MATRÍCULA: do 18 ao 28 de maio ambos os dous incluídos.

PROBA DE XUÑO: 10 de xuño

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

PRAZO DE MATRÍCULA: do 1 ao 3 de setembro ambos os dous incluídos.

PROBA DE SETEMBRO: 10 de setembro.

PROBAS A REALIZAR E CONTIDOS DAS MESMAS

- ☐ **ÁMBITO CIENTIFICO TECNOLÓXICO.** Comprenderá exercicios das áreas de matemáticas, ciencias da natureza e tecnoloxía e aspectos relacionados coa saúde e o medio natural recollidos no currículo da educación física.
- ☐ **ÁMBITO SOCIAL.** Comprenderá exercicios das áreas de ciencias sociais, xeografía e historia, educación para a cidadanía e aspectos da percepción correspondentes ás materias de educación plástica e visual e música.
- ☐ **ÁMBITO DA COMUNICACIÓN.** Comprenderá exercicios das áreas de lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura e lingua estranxeira.

HORARIOS (tanto para xuño como para setembro):

SESIÓN DA MAÑÁ : De 8.30 horas a 9.30 horas será o chamamento, a sesión terá dúas partes:
De 9.30 horas a 12.30 horas, realizaranse as probas do **ámbito científico- tecnolóxico.**
De 12.30 horas a 14.00 horas, realizaranse as probas do **ámbito social.**

SESIÓN DA TARDE . Probas do **ámbito da comunicación** que darán comezo ás 16.00 horas:

A) Lingua Galega.

a.1) Exercicio de redacción:

O tempo para a súa realización será 45 minutos.

a.2) Cuestións de lingua galega e literatura.

O tempo para a súa realización será de tres cuartos de hora.

B) Lingua Castelá.

b.1) Exercicio de redacción:

O tempo para a súa realización será de tres cuartos de hora.

b.2) Cuestións de lingua castelá e literatura:

O tempo para a súa realización será de 45 minutos.

C) Lingua Estranxeira.

O tempo para a súa realización será de tres cuartos de hora.

LUGAR DE REALIZACIÓN DAS PROBAS.

Provincia de Lugo:

Centro EPA de Albeiros, parque da Milagrosa, s/n. Lugo.

CUALIFICACIÓNS:

Aqueles aspirantes para os que o tribunal determine que non procede a proposta de expedición do título de graduado en educación secundaria por non teren acadados os obxectivos xerais desta etapa nun grao suficiente, **conservarán para sucesivas convocatorias as cualificacións positivas** obtidas nos termos de suficiente, ben, notable e sobresaliente nos distintos grupos de áreas superados. Tales cualificacións deberán ser tidas en conta polos tribunais en sucesivas convocatorias, polo que non será necesario que o alumno volva realizar as probas dos grupos superados para proceder á proposta do título de graduado en educación secundaria.

A cualificación de cada grupo de áreas outorgarase de acordo coa seguinte escala:

ÁMBITO CIENTÍFICO-TECNOLÓXICO. <i>Matemáticas.</i> <i>Ciencias da natureza..</i> <i>Tecnoloxía.</i>	<i>Puntuación máxima: 15 puntos.</i> <i>Puntuación máxima: 10 puntos</i> <i>Puntuación máxima: 10 puntos.</i> <i>Total máxima puntuación: 35 puntos</i> <i>Puntuación Cualificación</i> <i>31 a 35 puntos Sobresaliente</i> <i>26 a 30 Notable</i> <i>21 a 25 Ben</i> <i>17 a 20 Suficiente</i> <i>Menos de 17 Insuficiente</i>
ÁMBITO SOCIAL. <i>Ciencias sociais, xeografía e historia.</i> <i>Música e educación plástica e visual.</i>	<i>Puntuación máxima: 25 puntos.</i> <i>Puntuación Cualificación</i> <i>25 puntos Sobresaliente</i> <i>21 a 24 Notable</i> <i>16 a 20 Ben</i> <i>12 a 15 Suficiente</i> <i>Menos de 12 Insuficiente</i>
ÁMBITO LINGÜÍSTICO. <i>Lingua galega e literatura.</i> <i>Redacción.</i> <i>Cuestións de lingua galega e literatura.</i> <i>Lingua castelá e literatura.</i> <i>Redacción..</i> <i>Cuestións de lingua castelá e literatura galega.</i> <i>Lingua estranxeira.</i>	<i>Puntuación máxima: 10 puntos</i> <i>Puntuación máxima: 5 puntos.</i> <i>Puntuación máxima: 10 puntos</i> <i>Puntuación máxima: 5 puntos.</i> <i>Puntuación máxima: 10 puntos.</i> <i>Total máxima puntuación da área: 40 puntos.</i> <i>Puntuación Cualificación</i> <i>36 a 40 puntos Sobresaliente</i> <i>31 a 35 Notable</i> <i>26 a 30 Ben</i> <i>20 a 25 Suficiente</i> <i>Menos de 20 Insuficiente</i>

Para máis información pode consultarse a **Resolución do 22 abril de 2010, da Dirección Xeral de Educación Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convocan as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria para maiores de 18 anos nas convocatorias de xuño e de setembro, e se ditan instrucións para a súa realización** publicada no DOG do 3 de maio do 2010.

Así mesmo o **Departamento de Orientación do Lois Peña Novo**, informaraos e asesoraraos sobre calquera dúbida relacionada con esta temática.